




caderno de críticas

Tic-Tac
de Suso de Toro

«*Tic-Tac* é a novela máis revolucionaria, máis ambiciosa, máis intelixente de cantas en Galicia se levan feito nas últimas décadas, e poida que a máis impresionante escrita nunca na nosa lingua»

Basilio Losada


«*Tic-Tac* é unha implacable imaxe do caos e do desconcerto da humanidade na nosa fin de século e de milenio»

Ángel Basanta, ABC

XERAIS



ANXO TARRÍO, *El Correo Gallego*, 15 de xuño de 1993



Tic-Tac, de Suso de Toro, o compás da soedade radical do ser humano

Basilio Losada di que *Tic-Tac* (1993) «é a novela máis revolucionaria, máis ambiciosa, máis intelixente de cantas en Galicia se levan feito nas últimas décadas, e poida que a máis impresionante escrita nunca na nosa lingua». Quizais o profesor galego ubicado en Barcelona esaxere unha miga, levado polo entusiasmo, pero o certo é que estamos diante dun texto para reflexionar abondo, cruzado como está por unha rede de preferencias culturais, científicas, míticas e literarias entreveradas nel, sen pedantería nin fachenda, ou cunha pedantería e fachenda diferentes, que nunca se sabe, tratándose de artistas.

Para o meu modo de ver, Suso de Toro pretendeu, e conseguiu, levantar acta non só da realidade que dende hai xa algúns lustros nos rodea e que non daba atopado a voz épica correspondente, por máis que o propio autor estivese a facerlle as beiras, xa hai tempo, con títulos como *Caixón desastre* (1984) ou *Polaroid* (1986), senón tamén da realidade profunda do home de calquera tempo e lugar, sempre condicio-

nado polo nacemento, o sexo, a familia, o paso irreversible do tempo, os traumas infantís, o azar, e tantas e tantas cousas que se lle interpoñen ó longo da vida, incluídos os deuses herdados.

De Toro dialoga, a través da ironía e do humor, pero tamén dende unha consideración profunda da indixencia humana, é dicir, a través da tenrura explícita ou disfrazada, cos textos, mitos ou mesmo crenzas populares que raiaron co seu peso específico a cultura occidental, dende Homero e a Biblia ata o cómic ou a canción pop-rock, pasando pola mitoloxía greco-romana, os evanxeos, Shakespeare, Joyce, a psicoanálise, os contos indoeuropeos de tradición oral e un longo etcétera de alusións non sempre doadas de desvelar. Ademais, incorpora múltiples acenos que, en complicidade co lector, actualizan variantes da paremioloxía, de orixe borrosa, ás veces, refráns e máximas ou moralexas de uso corrente e automático que encerran verdades aínda vixentes, unhas veces, ou xa caducas, noutras ocasións.

NARRATIVA

Suso de Toro

Tic Tac

Con seguridade, *Tic-Tac*, que non é unha historia «bonita», vai levantar máis dunha voz irada pola súa aparencia blasfema e irreverente, cando o certo é que estamos diante dunha novela que tenta de remover os pousos encorados das relixións e crencias occidentais mediante un berro de rebelión teolóxica que non deixa de estar cargado, el mesmo, quizais, de relixiosidade e de amor á especie humana.


O século XX ensinounos a valorar as pezas de arte, non só polo valor intrínseco da nobreza dos materiais utilizados, senón tamén polo xeito con que están ó servicio da expresión estética. E con esta nova mirada, certos materiais considerados innobres, mesmo a chatarra ou o refugallo, puideron incorporarse de pleno dereito ós **collages** pictóricos, escultóricos ou arquitectónicos. Pois ben, Suso de Toro ten o mérito de ensaiar isto mesmo en literatura, renunciando á utilización exclusiva da linguaxe tradicionalmente considerada como **nobre, elevada e bela** e deixando paso tamén ás posibilidades expresivas do que poderíamos

chamar **chatarra, lixo ou refugallo lingüístico**.

Certamente, a aposta por poñer en funcionamento esta linguaxe **baixa e humilde**, que xa lle valera a Blanco-Amor máis dun disgusto, supón uns riscos grandes que con seguridade decantarán en incomprensións varias e que terá que afrontar o noso escritor. Pero aí radica moito da súa grandeza, pois sabemos que se trata dun esforzo por ensaiar e procurar novas formas de expresión, novas poéticas coas que expresar a situación do home occidental no seo dunha sociedade deshumanizada, monstruosa, en grande medida, que agocha moito sufrimento, moita inxustiza e moita tristeza anónima.

Novela, xa que logo, pouco convencional, que cómpre ler con toda atención, por canto nela se vinculan moitos dos desacougos e miserias do home, confesados ou non, pero sobre todo na que se fai aboiar dun xeito descarnado e mesmo brutal o desamparo, a incomunicación e a soedade radical que definen, no fondo, a condición humana.

XGG, *A Nosa Terra*, 1993



Tic-Tac de Suso de Toro

Como querendo homenaxear a quen considera un «outsider» dentro da literatura galega, Eduardo Blanco Amor, Suso de Toro, no ano en que ao escritor ourensán se lle dedica a denominación do día das letras galegas, entrega a súa terceira novela *Tic-Tac*. Unha novela na que o seu autor torna aos seus comezos novelísticos, quer dicir, retoma a estrutura fragmentaria que fixo de *Polaroid* un texto senlleiro dentro da literatura galega.

A novela está dividida en cinco partes (ou «Misterios dolorosos») simétricas, unidas por un personaxe –Nano– que xa aparecera noutro texto de Suso de Toro, «Aquí somos así, positivamente», recollido na segunda edición de *Caixón desastre*. Á parte de Nano, os cinco «misterios dolorosos» fécense –agás o último– cun texto titulado sempre da mesma maneira: «Conductor». *Tic-Tac* xira, de comezo, arredor dun personaxe principal, o devandito Nano, que se desenvolve mediante unha aproximación ao monólogo, con introducción sen segunda e terceira persona e matices introspectivos do monólogo, ou de escritos, de outras persoas (do filósofo I. Pérez Puga, que é médio irmán de Nano).

As diversas seccións dos capítulos saltan daqui para alá e repítense sen orde aparente. A mobilidade dos planos, o tempo reversíbel, o caleidoscópico de situacións e a mesma espiral introspectiva poden confundir ao lector nunha primeira lectura, pero

unha vez se familiariza cos procedimentos técnicos usados por Suso de Toro (procedimentos que o lector de *Polaroid* reconece axiña), entrará doadamente na novela, xa que unha profunda e invisíbel estrutura percorre todo o texto. Unha estrutura acorde coa intención primixénica do autor: apreixar o paso do tempo, ordenar o caos. («Chamáballe, di Nano unha novela que está a escribir, *Tic-Tac*, que esa si é cabronada, o pasar do tempo»).

Para apreixar o paso do tempo, para ordenar o caos, o autor usa de ensamblaxes, dunha lingua prosaica, rompe co lineal, de especulacións semánticas, do paso da realidade á irrealidade onírica. Estes procedimentos únense cun poder absolutamente clásico de narrador, alegría, desenfado, humor, xogos e reminiscencias literarias que non quer nen obviar nen agachar. En todo momento, mesmo naqueles que usa do cut-off (procedimento, ou técnica, que consiste en pór na novela todo o que ocorre no momento de escribela; verbigracia o capítulo «O meu nome (Chepito)»), fuxe do énfase, da denuncia gratuíta, do alarde estilístico. A Suso de Toro a linguaxe interésalle non como lucimento estilístico, nen como literatura, senón como corpo envolvente, como atmosfera, como ascultación, como aparición e esencia dos seres e das cousas que vai mostrando sen intervir, sen xuízos nen sermóns, sen, repetímolo, elocución, como corresponde a toda nova arte de narrar.

FRAGMENTOS DE VIDA

Unha moderna técnica de narrar influenciada pola indagación psicolóxica, polo tempo de agora (o autor ten denunciado o «horror presentis» da maioría dos narradores galegos), polo cine, polo guión radiofónico, polo video-clip e pola canción e as formas pop, que están en constante movemento e evolución. En suma, unha arte de narrar influenciada pola instantaneidade da comunicación. Neste aspecto, quer dicir, dentro das búsquedas actuais, *Tic-Tac* é un logro literario indubidábel.

Mais a novela, a narrativa, non é só búsqueda formal ou lingüística. O primeiro que se lle debe peder a un texto narrativo, é que se poda «ler». E aquí é onde o poder narrativo de Suso de Toro brilla máis que nunca. Chamando na súa axuda a personaxes marxinais dentro da narrativa galega —personaxes marxinais pola nosa narrativa, ben que tamén podan selo pola sociedade—, dándolles unha vida propia, facéndoos mover polos seus resortes máis íntimos, o escritor santiagués artella unha excelente novela. Usando a ironía, botando man da paródia (paródia que xa usara, con menos ironía, con menos recursos lingüísticos e narrativos, e mesmo con menos claridade, no relato «A lebre de Merliño», do seu primeiro libro de relatos) de textos clásicos —«A Ilíada para nenos», os capítulos «O mar» e «O neno e o mar», paródia de relatos de Dieste, Neira Vilas e outros—, canibalizando textos propios («Proe o dedo» e mais «Esas cousas mellor

non falalas», que foron un relato, «Miles de castromiles», publicado na colección de relatos con que agasallaba a coñecida empresa de autocares aos seus usuarios), refacendo textos a partir de cancións pop máis ou menos coñecidas, ou introducindo textos escritos por Nano ou polo seu medio irmán Pérez Puga —sen esquecer o aparato «narrativo» que supoñen as diversas fotografías que inzan o volume—, Suso de Toro consegue dar un fresco vivo, moderno e actual da Galiza dos nosos días. Unha visión totalizante da Galiza actual que o narrador vai armando a base de fragmentos, como se fose un grande *puzzle*. Fragmentos da vida, de pequenas traxédias de individuos «sen importancia colectiva», que diría Celine. Traxédias que poden facer rir ao lector: esa muller que chega tarde ao traballo, esa outra que teme estar enferma porque o seu marido é zoófilo, etc.

Suso de Toro fixo, respecto ás súas anteriores obras, un «tour de force». Volveu aos camiños de *Polaroid*, entregando unha obra máis aberta aínda que esta. *Tic-Tac* é unha novela que o lector pode refacer ao seu gosto, debido, curiosamente, á súa potente estrutura narrativa. A obra dun autor ao que se lle poden aplicar as palabras que el dedicou a Jim Thompson: «Baixa a cada libro por unha escada perigosa e fainos baixar con el. Non fai trampa, non promete «literatura», só enredo, e sen embargo, dánola» (*F. M.*, páx. 60). Un autor que se derrama sobre os feitos do presente.

ÁNGEL BASANTA, *ABC*, 17 de xuño de 1994

Tic-

Unha caótica ordenación textual de frag A pluralidade de perspectivas e o coidado labirinto do discu


A novela galega conseguiu reunir, nos dous últimos anos, un difícil póquer de ases que garante a boa saúde dunha literatura e o seu afán de perduración, por reducido que sexa o mapa xeográfico dos seus lectores naturais. En 1992 Anxo Rei Ballesteros completou a súa paciente labor creadora en *Loaira* (Galaxia), unha complexa novela con aspiracións de totalidade. Ao ano seguinte coincidiron tres importantes novelas máis. Víctor F. Freixanes daba cume á súa xa fundamental triloxía en *A cidade dos Césares* (Xerais), Premio Torrente Ballester do ano anterior; Manuel Rivas fascinaba aos seus lectores coa súa mellor novela, *En salvaxe compañía* (Xerais), pola súa poética síntese de realismo e fantasía galaicas; e Suso de Toro acadaba a súa definitiva consagración en *Tic-Tac*, lúdico experimento vangardista cuxa audacia e fortuna literarias foron recoñecidas polo último Premio da Crítica en lingua galega. Estas dúas últimas novelas están xa traducidas ao castelán, como adoita ocorrer con algunha frecuencia no caso dos autores galegos máis importantes na actualidade: a de Rivas, *En salvaxe com-*

pañá, en Alfaguara (1994); e a de Suso de Toro, pola mesma editorial que xa a publicara en galego (Ediciones B), agora en coidada tradución de Basilio Losada. Con respecto ás de Freixanes e Rei Ballesteros, sería un síntoma de enriquecedora convivencia entre as linguas de España que poida verse pronto a versión castelá de *A cidade dos Césares* e de *Loaira*.

Tic-Tac é a onomatopea que marca o son do reloxo, símbolo do ineludible paso do tempo. No tempo cífrase a herdanza fundamental da existencia. Ante esa realidade e no noso mundo desquiciado, en encarnizada soidade, un home baleira a súa conciencia fragmentada en múltiples anacos de vida, real ou finxida, encadeados nun texto proteico que, xenerado por diferentes voces e absorbido por múltiples inquedanzas, atopa a súa unificación profunda nesa conciencia que fala de si e doutros, de todos nós, facendo coincidir unidade e diversidade con admirable eficacia.

Este individuo é Nano, fillo extramatrimonial dunha porteira e hermanastro dun profesor e filósofo que acaba internado nun manicomio. Nano non ten estudos nin ocupación laboral. Antes desempeñou varios traba-

llos, ata que nunha campaña do Gran Sol perdeu a man dereita. Agora, cunha pequena paga por inútil, sen familia que soste, vive e bebe de gorra, considerado polos demais como tonto ou idiota. Pero este medio tolo tamén descobre grandes verdades, xa que aprendeu da vida. Na súa soidade pensa e escribe, dende unha idade indefinida entre os 35 e os 65 anos. Como ten que facelo coa man esquerda, os renglóns saen tortos. Sobre todo porque o seu lacerado testemuño nace dun home que se sente fóra de combate, dominado pola idea de que «a vida é un soño e cando te decatas xa soa o espertador». E con todos os seus escritos máis os curiosos recortes e diversos papeis que foi gardando proponse compoñer un libro cuxo título podería ser *Dándolle duro*, quizais *Autopsia*, tal vez *Chora, neno, chora*, ou *Tic-Tac*. Esta caótica ordenación textual de fragmentos multiformes constitúe a terrible novela presente, concebida como un rosario de amarguras no dolorido sentir de todas as súas páxinas. A fragmentación, a pluralidade de perspectivas e o coidado labirinto do discurso encerran unha implacable imaxe do caos e o desconcerto da humanidade na nosa fin de sécu-



-Tac

mentos constitúe este terrible *Tic-Tac*.
uso encerra unha implacable imaxe do caos da fin de século.

lo e de milenio (a última data explícita na novela corresponde ao 17-11-92). O cal aparece resaltado tamén polas ilustracións fotográficas incluídas no libro, unha das cales, cerca do final, amosa un rostro que xa non quere ver nin falar nin oír, pois ten os seus ollos, boca e oídos tapados coas dúas mans. E a mestría do autor queda probada pola súa habilidade de saber impoñer orde nun texto incoherente, contradictorio, roto, aberto a moitas modalidades de escritura e, a pesar da súa heteroxeneidade formal e temática, de doada lectura polas súas trabadas suxestións e interrelacións.


O primeiro factor estruturante radica na composición do texto en cinco misterios dolorosos. Cada unha destas partes comeza sempre coas cavilacións de Nano en sendos monólogos en primeira persoa, acompañados por esa chuvia recorrente tan familiar en Galicia e que ben puidese ser unha homenaxe ao Cela da *Mazurca para dos mortos*, autor de confesada admiración para Suso de Toro (como tamén o é James Joyce, pola súa tarefa creativa de constante experimentación lingüística, unha das características máis relevantes no estilo do novo autor galego). Despois

destas primeiras páxinas da voz monologante (nunca máis de dez en cada «misterio») sucédense fragmentos dos seus diferentes escritos, recortes doutros libros ou papeis manuscritos de, por exemplo, un hermanastro. Entre uns e outros abundan mostras de monólogos, monodialogos, rápidas escenas dialogadas, diálogos fundidos en monólogos, extractos biográficos, frases caligrafadas con letra infantil e con signos deformados, instancias, resumos de relatos, ladaiñas, instrucións e consellos de manuais de toda índole, aglomeracións de tópicos e hábitos ou extravagancias, textos de diferentes especialidades, versións de obras universais e de contos infantís, breves pezas teatrais e outras técnicas de escritura en varios rexistros estilísticos nas tres persoas gramaticais e mesmo na non persoal do infinitivo.

E tamén na diversidade destes ingredientes, cos cales inténtase que no libro haxa de todo como na vida, establécese unha asistemática progresión nos seus cinco misterios de dor. De xeito que, sendo todo un naufraxio multiplicado, ao principio predomina a visión atormentada da infancia; a continuación insíste-se, tras a despiadada negación de Peter Pan, en rabiosas manifes-

tacións da cruel animalidade dos adultos, ou «adúlteros», o que explica as violentas descargas de sexo, sobre todo na terceira parte; e ao final prodúcese unha recompilación de todos os horrores pasados que culmina na recreación de Cronos, Iaveh ou calquera pai devorando aos seus fillos, que tamén poden ser Hansel e Gretel, na evocación de Nano durante a súa nenez na casa dos avós e nos apuros da súa nai atrapada co lixo no ascensor. Entre as contas de tan doente rosario fóronse encarnando as feridas dunha existencia desamparada, impotente e en constante humillación. Coa peculiaridade de que aquí non se busca ningunha infancia perdida, pois nela atópase a fonte de todas as desgrazas futuras. Daí os perigos da memoria. En definitiva, a maldición está en que «Ser home é como unha enfermidade», aínda que tamén «Un pensa que a vida é mala porque non cae en que pode ser peor». E todo iso exprésase en *Tic-Tac* como un magnífico acorde de contrarios, con distintos tons e actitudes, dende o airado resentimento e a irreverencia blasfema ata a ironía e o humor, pasando pola crueldade, a tenrura e o lirismo.

BERNARDINO M. HERNANDO, *Tribuna*, 26 de setembro de 1994



Misterios dolorosos

«Non, escribir xa sei que non é calquera cousa. Non é tan doado como pensa a xente. Por iso tamén non me decido eu a publicar nun libro todo o que teño escrito. (...) E tamén todo o que teño recortado (...). Ata fotos. Ao mellor chámooa Tic-Tac, que esa si que é cabronada, o pasar do tempo. Esa é a nai de todas as cabronadas.»

Nestas páxinas e as seguintes da novela de Suso de Toro está a clave, se é que a hai, deste libro fermoso e descouante. O lector ocasional de peripecias novelescas en liña recta armárase un lío. O lector atento e probado lerá con paixón o libro enteiro co que Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) obtivo o Premio da Crítica para narración galega. A tradución ao castelán é de Basilio Losada e, polo tanto, excelente tradución.

Tic-Tac é a historia fragmentada, de auténtico crebacabezas, de Nano, ex-pescador do Gran Sol, onde perdeu a man dereita, fillo ilexítimo de personaxe ilustre e nai sirventa. Nano conta os seus pensamentos («*Eu son como se dixesemos, por poñer un exemplo, un traballador do pensamento. Un filósofo.*») e as súas anécdotas,


as súas filosofías, as súas arelas, as súas traxedias e fatalismos. É o fío condutor (como na súa anterior novela de 1988, *Land Rover*, o era o narrador omnisciente) dunha trama trufada de textos menores nos que se mesturan supostas citas, diálogos rápidos sen aparente conexión e autocitas dunha suposta libreta de Nano.

Suso de Toro prosegue así un difícil camiño de construción novelesca pouco común que esixe moito talento e un manexo exemplar da linguaxe. El ten todo iso. E aínda que a frase de Basilio Losada que figura na cuberta —da primeira edición de Ediciones B— («*A novela máis revolucionaria, ambiciosa e intelixente de cantas se escribiron nas últimas décadas*») soe a amistosa esaxeración, o certo é que estamos ante unha narración espléndida, difícil,




herdeira en parte da mellor tradición picaresca e en parte dos *xogos verbais* que desembocan no *Oulipo* inventado por Italo Calvino e Raymond Queneau, entre outros. Joyce non escribiu en van o *Ulises* e aquí Julian Ríos líbrase ás súas orxías verbais. Suso de Toro pasa por todo iso con moita elegancia e moita cabezonería galega. Con humor e talento. E un terrible trasfondo relixioso: ese deus (¿Deus?) Cronos devorador inmisericorde.

Tic-Tac, cuxos longos monólogos de Nano son un prodixio de coloquialismo retórico, é unha novela rara e difícil, sobre todo difícil de escribir, que imita á vida. A vida nunca é liñal e sempre ten un pouso de traxedia. E estrutura de crebacabezas.




ANDRÉS SÁNCHEZ MAGRO, *Reseña*, xullo-agosto de 1994




Literatura, moi boa literatura, impertinente e implacable.

El Urogallo, xullo de 1994




Novela feita de fragmentos secretamente comunicados que deixan entrever unha serie de temas recorrentes: o paso do tempo, a infancia, a morte, os soños rotos, o que de absurdo e incontrolable hai na vida. Orixinal e provocadora, unha das súas virtudes é a versatilidade que amosa o autor á hora de manexar distintas linguaxes.

M. QUINTÁNS S., *El Correo Gallego*, 10 de outubro de 1993




Revolucionaria, ambiciosa, intelixente e impresionante.

XABIER RIBALTA, *O Correo Gallego*, 19 de xuño de 1994



En calquera caso, se aceptamos a definición de Darío Villanueva da novela como reino da liberdade, no contido e na forma, por natureza poética e aberta, con *Tic-Tac* estamos ante unha gran novela, que contén dentro de si moitas das linguaxes narrativas de tódolos tempos, da epopeia á novela psicolóxica, pasando pola novela epistolar, de iniciación ou a novela social.


XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN, *Anuario de Literatura Galega*



Moi poucos textos literarios galegos obrigaron a reflexionar sobre a súa propia constitución, e a do propio texto literario en xeral, como *Tic-Tac*.

Cando a escritura asúmese con todos os seus riscos, como se demostra en *Tic-Tac*, daquela aparecen textos xigantes. A nosa literatura está de noraboa.

X. M. ENRÍQUEZ, *Faro de Vigo*



Con *Tic-Tac* Suso de Toro dota á literatura galega dunha obra de altura, moderna e inqueda que sinala a súa consagración como un gran autor.




SINOPSE

Xa van dez anos dende que se publicara *Tic-Tac* por primeira vez, unha obra que o propio autor definiu entón nalgunha entrevista cos epítetos «perturbadora», «patética» e «sinistra», e que supuxo un terremoto nas axitadas augas literarias galegas.

Tic-Tac é un «grande puzzle», como o define X. González Gómez, formado polas narracións orais ou escritas de Nano, ás que de cando en vez se engaden textos de terceiros, como Isidro, o seu irmán, ou supostos anacos de revistas, manuais (...)

Tic-Tac é unha corrosiva obra moral que entre a dozura cómica e a acedume trágica reclama o retorno á natureza, é o froito dunha conciencia descrida, unha conciencia moderna que non pode aceptar os dogmas de fe e non busca presentarnos a 'Realidade', senón unha 'realidade': a de Nano, o peculiar personaxe principal e narrador da obra.

(Extraído do epílogo de A. F. Pedrós-Gascón)



FICHA TÉCNICA

Título: *Tic-Tac*

Autor: Suso de Toro

Xénero: Narrativa

ISBN: 84-9782-002-9

320 páxinas

PREMIO ARCEBISPO JUAN SAN CLEMENTE, 1994

PREMIO DA CRÍTICA ESPAÑOLA, 1994

XERAIS



Depósito Legal: VG. 843-2004